PLAN LINGÜÍSTICO DO I.E.S. MANUEL CHAMOSO LAMAS.

ANO ESCOLAR 2022-2023

ÍNDICE

1. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO..... **páx. 3**
   1.1. O contexto sociolingüístico do centro……..…**páx. 3**
   1.2. Resultados da enquisa realizada ó alumnado do I.E.S. Manuel Chamoso Lamas. ……..**páx. 3**
   1.3. Análise dos resultados acadados na enquisa. ……**páx. 7**

2. AS LINGUAS A EMPREGAR NAS DIFERENTES ÁREAS. ……..…..**páx. 8**

3. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CO APROVEITAMENTO DAS ENSINANZAS…… **páx. 18**

4. OBXECTIVOS XERAIS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO CURSO 2023-2024. ……..**páx. 18**

   4.1. Obxectivos xerais do equipo de dinamización e normalización lingüística. .....**páx. 18**
   4.2. Actividades para o fomento e dinamización da lingua galega. ……....**páx. 18**

5. ACORDOS SOBRE A TERMINOLOXÍA. ……...**páx. 24**

6. ANEXOS. ……...……**páx. 27**
   I. Pautas para a realización de probas de lingua castelá e lingua galega. ……**páx. 28**
   II. Pautas para a presentación de exames. …….. **páx. 28**
   III. Pautas para a presentación de traballos, tarefas e textos. ……..…**páx.28**
   IV. Pautas para respectar as propiedades textuais. ……..**páx. 29**
   V. Indicacións para elaborar unha definición. ……**páx. 29**
   VI. Indicacións para a elaboración dun esquema. ……**páx. 30**
   VII. Indicacións para a elaboración dun resumo. ……**páx. 31**
   VIII. Indicacións para citar fontes, textos e obras. ……...**páx. 31**
   IX. Indicacións para elaborar un texto expositivo. ……**páx. 32**

1. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

1.1. O contexto sociolingüístico do centro.

A realidade sociolingüística na que está inserido o noso centro é cada vez menos galego falante, afectada pola situación diglósica do noso idioma.
Se o ámbito vilego do Carballiño era un foco dinamizador do castelán, actualmente tamén está expandido cara ó rural.
O noso concello non é alleo á situación de perda de transmisión interxeracional do galego, apreciándose con moita claridade a perda de falantes entre a xente máis nova, sobre todo no ámbito urbano, e unha crecente reaparición e asentamento de prexuízos lingüísticos que criamos ter superados.
A situación crecente da inmigración está presente dentro das nosas aulas nas que convive alumnado de distintas procedencias, sobre todo latinoamericano nos últimos anos.

1.2. Resultados da enquisa realizada ó alumnado do I.E.S. Manuel Chamoso Lamas.






Que lingua falas cos teus avós?
33%
15%
40%
6%
6%
Máis castelán
Castelán e galego por igual
Máis galego
Outra
NS/NC


Cambiaches a túa lingua de uso habitual ao escolarizarte?
5%
7%
15%
73%
De castelán a galego
De galego a castelán
Non a cambiei
Outro


Que lingua ut lizas habitualmente no inst tuto?
10%
30%
6%
54%
Galego
Castelán
Máis galego ca castelán
Máis castelán ca galego

Que lingua falas cos teus amigos/as no tempo de lecer?
3%
15%
82%
Galego
Castelán
Outra


Cres que deberían impartirse máis materias en galego?
38%
62%
Si
Non


Como valoras a presenza do galego no centro (rótulos, corredores, taboleiros, páxina web...)
21%
79%
Suficiente
Insuficiente


Que che resulta máis dif ćil no idioma galego?
25%
19%
23%
34%
Falar
Entender a fala
Ler
Escribir


Cres que o castelán é máis importante có galego?
41%
59%
Si
Non


Que valoración lle dás á lingua galega?
8%
21%
41%
30%
Non me parece nada importante
Paréceme pouco importante
Paréceme bastante importante
Paréceme moi importante



1.3. Análise dos resultados acadados na enquisa.

Logo da enquisa realizada no centro, sacáronse as seguintes conclusións:

- A maioría do alumnado enquisado ten como lingua nai o castelán, mentres que o galego aproximadamente a cuarta parte.
- No ámbito familiar, máis da metade fala maioritariamente castelán, se ben cómpre sinalar que na relación cos avós emprégase o galego.
- No ámbito social, o alumnado asocia a lingua de lecer co castelán.
- O alumnado cre que a presenza do galego no centro é suficiente.
- A pesar de que a maioría di ter unha boa competencia lingüística, as dificultades atopadas polo alumnado no uso do galego son as seguintes (ordeadas de maior a menor): expresión escrita, expresión oral, comprensión escrita e comprensión oral.
- O galego considérano tan importante coma o castelán.

2. AS LINGUAS A EMPREGAR NAS DIFERENTES ÁREAS.

1º ESO	
Bioloxía e xeoloxía	Galego
Xeografía e historia	Galego
Educación física	Galego
Lingua castelá e literatura	Castelán
Lingua estranxeira - Inglés	--
Lingua galega e literatura	Galego
Matemáticas	Castelán
Relixión católica	Castelán
2ª Lingua estranxeira - Francés	--
Proxecto competencial	Castelán
Tecnoloxía e Dixitalización	Galego
Educación plástica, visual e audiovisual	Castelán

2º ESO	
Física e química	Castelán
Xeografía e historia	Galego
Educación física	Galego
Lingua castelá e literatura	Castelán
Lingua estranxeira - Inglés	--
Lingua galega e literatura	Galego
Matemáticas	Castelán
Relixión católica	Galego
2ª Lingua estranxeira - Francés	--
Tecnoloxía	Castelán
Música	Galego
Valores éticos	Galego
Programación	Galego

3º ESO	
Bioloxía e xeoloxía	Galego
Física e química	Castelán
Xeografía e historia	Galego
Educación física	Galego
Lingua castelá e literatura	Castelán
Lingua estranxeira - Inglés	--
Lingua galega e literatura	Galego
Matemáticas	Castelán
Relixión católica	Castelán
2ª Lingua estranxeira - Francés	--
Música	Galego
Educación plástica, visual e audiovisual	Castelán
Proxecto competencial	Castelán
Educación Dixital	Galego
Educación en Valores Cívicos e Éticos	Galego
Cultura clásica	Galego

3º ESO PDC	
Ámbito científico-tecnolóxico	Castelán
Ámbito lingüístico social	Galego
Educación física	Galego
Relixión católica	Castelán
Cultura clásica	Galego
Música	Galego
Educación plástica, visual e audiovisual	Castelán
Proxecto competencial	Castelán
Educación en Valores Cívicos e Éticos	Galego

4º ESO	
Bioloxía e xeoloxía	Galego
Física e química	Castelán
Xeografía e historia	Galego
Educación física	Galego
Lingua castelá e literatura	Castelán
Lingua estranxeira - Inglés	--
Lingua galega e literatura	Galego
Matemáticas orient. ás ensin. académicas	Castelán
Matemáticas orient. ás ensin. aplicadas	Castelán
Relixión católica	Castelán
2ª Lingua estranxeira - Francés	--
Música	Galego
Educación plástica, visual e audiovisual	Castelán
Ciencias aplicadas á actividade profesional	Castelán
Tecnoloxías da información e a comunicación	Galego
Cultura científica	Castelán
Economía	Castelán
Iniciación á actividade emprendedora e empresarial	Castelán
Latín	Galego
Valores éticos	Castelán
Tecnoloxía	Castelán

1º BAC T	
Cultura científica	Galego
Filosofía	Galego
Anatomía aplicada	Castelán
Educación física	Galego
Física e química	Castelán

Lingua castelá e literatura I	Castelán
Lingua estranxeira I: Inglés	--
Lingua galega e literatura I	Galego
Matemáticas I	Castelán
Relixión católica	Castelán
Tecnoloxías da información e comunicación I	Galego
2ª Lingua estranxeira I: Francés	--
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	Galego
Tecnoloxía e Enxeñaría I	Galego

1º BAC H	
Cultura científica	Galego
Filosofía	Galego
Literatura universal	Castelán
Economía	Castelán
Educación física	Galego
Historia do mundo contemporáneo	Galego
Latín I	Galego
Lingua castelá e literatura I	Castelán
Lingua estranxeira I: Inglés	--
Lingua galega e literatura I	Galego
Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I	Castelán
Relixión católica	Castelán
Tecnoloxías da información e comunicación I	Galego
2ª Lingua estranxeira I: Francés	--

2º BAC H	
Historia da arte	Castelán
Historia da filosofía	Galego

Latín II	Galego

Lingua castelá e literatura II	Castelán
Lingua estranxeira II: Inglés	--
Lingua galega e literatura II	Galego
Matemáticas aplicadas ás CC.SS II	Castelán
Psicoloxía	Castelán
Xeografía	Galego
2ª Lingua estranxeira II: Francés	Galego
Economía da empresa	Galego
Historia de España	Galego
Relixión católica	Galego
Tecnoloxías da información e a comunicación II	Castelán
Aprendizaxe Funcional	Galego

2º BAC T	
Bioloxía	Castelán
Debuxo técnico II	Galego
Física	Galego
Lingua castelá e literatura II	Castelán
Lingua estranxeira II: Inglés	--
Lingua galega e literatura II	Galego
Matemáticas II	Castelán
Psicoloxía	Galego
Química	Galego
Xeoloxía	Galego
Historia de España	Galego
Relixión católica	Galego
Tecnoloxías da información e a comunicación II	Galego
Aprendizaxe Funcional	Galego

1 CSADG01-ADMFIN-A	
Materia	Castelán
Módulos 1º - (MP0179)Inglés	Galego
Módulos 1º - (MP0647)Xestión da documentación xurídica e empresarial	Galego
Módulos 1º - (MP0648)Recursos humanos e responsabilidade social corporativa	Castelán
Módulos 1º - (MP0649)Ofimática e proceso da información	--
Módulos 1º - (MP0650)Proceso integral da actividade comercial	Galego
Módulos 1º - (MP0651)Comunicación e atención á clientela	Castelán
Módulos 1º - (MP0658)Formación e orientación laboral	Castelán

2 CSADG01-ADMFIN-A	
Módulos 2º - (MP0652)Xestión de recursos humanos	Galego
Módulos 2º - (MP0653)Xestión financeira	Castelán
Módulos 2º - (MP0654)Contabilidade e fiscalidade	Galego
Módulos 2º - (MP0655)Xestión loxística e comercial	Galego
Módulos 2º - (MP0656)Simulación empresarial	Castelán
Módulos 2º - (MP0657)Proxecto de administración e finanzas	Castelán
Módulos 2º - (MP0660)Formación en centros de traballo	Galego

1 CBELE01-ELEELE-A	
Módulos 1º - (AM3009)Ciencias aplicadas I	Galego
Módulos 1º - (AM3011)Comunicación e ciencias sociais I	Castelán

Módulos 1º - (MP3013)Instalacións eléctricas e domóticas	Galego
Módulos 1º - (MP3015)Equipamentos eléctricos e electrónicos	Castelán
1 CMTMV02-ELVEA-A	
Módulos 1º - (MP0260)Mecanizado básico	Castelán
Módulos 1º - (MP0452)Motores	Galego
Módulos 1º - (MP0454)Circuítos de fluídos, suspensión e dirección	Galego
Módulos 1º - (MP0455)Sistemas de transmisión e freada	Castelán
Módulos 1º - (MP0456)Sistemas de carga e arranque	Castelán
Módulos 1º - (MP0459)Formación e orientación laboral	Galego

2 CMTMV02-ELVEA-A	
Módulos 2º - (MP0453)Sistemas auxiliares do motor	Galego
Módulos 2º - (MP0457)Circuítos eléctricos auxiliares do vehículo	Castelán
Módulos 2º - (MP0458)Sistemas de seguridade e confortabilidade	Castelán
Módulos 2º - (MP0460)Empresa e iniciativa emprendedora	Galego
Módulos 2º - (MP0461)Formación en centros de traballo	Galego

1 CMELE01-IEEAU-A	
Módulos 1º - (MP0232)Automatismos industriais	Galego
Módulos 1º - (MP0233)Electrónica	Galego
Módulos 1º - (MP0234)Electrotecnia	Castelán
Módulos 1º - (MP0235)Instalacións eléctricas interiores	Castelán
Módulos 1º - (MP0241)Formación e orientación laboral	Galego

2 CBELE01-ELEELE-A	
Módulos 2º - (MP3019)Ciencias aplicadas II	Galego
Módulos 2º - (MP3012)Comunicación e sociedade II	Castelán
Módulos 2º - (MP3016)Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos	Galego
Módulos 2º - (MP3014)Instalacións de telecomunicacións	Castelán

Módulos 2º - (MP3018)Formación en centros de traballo	Galego
2 CMELE01-IEEAU-A	
Módulos 2º - (MP0236)Instalacións de distribución	Castelán
Módulos 2º - (MP0237)Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios	Galego
Módulos 2º - (MP0238)Instalacións domóticas	Galego
Módulos 2º - (MP0239)Instalacións solares fotovoltaicas	Castelán
Módulos 2º - (MP0240)Máquinas eléctricas	Galego
Módulos 2º - (MP0242)Empresa e iniciativa emprendedora	Castelán
Módulos 2º - (MP0243)Formación en centros de traballo	Galego

1 CMADG01-XEAD-A	
Módulos 1º - (MP0156)Inglés	--
Módulos 1º - (MP0438)Operacións administrativas da compravenda	Castelán
Módulos 1º - (MP0440)Tratamento informático da información	Castelán
Módulos 1º - (MP0441)Técnica contable	Galego
Módulos 1º - (MP0448)Operacións auxiliares de xestión de tesouraría	Galego
Módulos 1º - (MP0449)Formación e orientación laboral	Galego

2 CMADG01-XEAD-A	
Módulos 2º - (MP0437)Comunicación empresarial e atención á clientela	Castelán
Módulos 2º - (MP0439)Empresa e administración	Galego
Módulos 2º - (MP0442)Operacións administrativas de recursos humanos	Castelán
Módulos 2º - (MP0443)Tratamento da documentación contable	Castelán
Módulos 2º - (MP0446)Empresa na aula	Galego
Módulos 2º - (MP0451)Formación en centros de traballo	Galego

ZSELE03-AUROIN-A	
Módulos 1º - (MP0959)Sistemas eléctricos, pneumáticos e hidráulicos	Castelán
Módulos 1º - (MP0960)Sistemas secuenciais programables	Galego
Módulos 1º - (MP0961)Sistemas de medida e regulación	Galego
Módulos 1º - (MP0962)Sistemas de potencia	Castelán
Módulos 1º - (MP0963)Documentación técnica	Galego
Módulos 1º - (MP0964)Informática industrial	Castelán
Módulos 1º - (MP0970)Formación e orientación laboral	Galego

ZSELE03-AUROIN-B	
Módulos 2º - (MP0965)Sistemas programables avanzados	Castelán
Módulos 2º - (MP0966)Robótica industrial	Galego
Módulos 2º - (MP0967)Comunicacións industriais	Castelán
Módulos 2º - (MP0968)Integración de sistemas de automatización industrial	Castelán
Módulos 2º - (MP0971)Empresa e iniciativa emprendedora	Castelán

ZMFME02-SOCA-A	
Módulos 1º - (MP0007)Interpretación gráfica	Galego
Módulos 1º - (MP0091)Trazado, corte e conformación	Galego
Módulos 1º - (MP0092)Mecanizado	Galego
Módulos 1º - (MP0096)Formación e orientación laboral	Castelán
Módulos 2º - (MP0094)Soldadura en atmosfera protexida	Castelán

ZMFME02-SOCA-B	
Módulos 1º - (MP0093)Soldadura en atmosfera natural	Galego
Módulos 2º - (MP0006)Metroloxía e ensaios	Castelán
Módulos 2º - (MP0095)Montaxe	Castelán

Módulos 2º - (MP0097)Empresa e iniciativa emprendedora	Galego

(A)-ESO Ad.4 - 2º Cua. - B	
Módulos 2º - (MP0652)Xestión de recursos humanos	Galego
Módulos 2º - (MP0653)Xestión financeira	Castelán
Módulos 2º - (MP0654)Contabilidade e fiscalidade	Galego

(A)-ESO Ad.3 - 1º Cua. - A	
Ámbito científico tecnolóxico M3	Galego
Ámbito da comunicación M3	Castelán
Ámbito social M3	Galego

(A)-ESO Ad.2 - 2º Cua. - A -	
Ámbito científico tecnolóxico M2	Castelán
Ámbito da comunicación M2	Galego
Ámbito social M2	Castelán

(A)-ESO Ad.1 - 1º Cua. - A	
Ámbito científico tecnolóxico M1	Castelán
Ámbito da comunicación M1	Galego
Ámbito social M1	Castelán

3. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CO APROVEITAMENTO DAS ENSINANZAS.

Dado que constantemente recibimos alumnado estranxeiro ou que non coñecen nin o galego nin o castelán, crearase unha comisión de inmersión lingüística a partir do curso 2023/2024. Dita comisión estará formada por profesorado dos departamentos de linguas (e aberta a calquera persoa docente que desexe participar) e ten como obxectivo acadar a mellora das competencias lingüísticas carentes do alumnado; para iso, procederemos do seguinte xeito:

- Realización dunha avaliación inicial.
- Elaboración dunha planificación compatible co horario do alumnado en cuestión e dos membros da comisión.
- Entrega do material didáctico adaptado ás súas necesidades.
- Seguimento cotián da evolución do alumnado, de xeito que o desenvolvemento de contidos sexa progresivo.

4. OBXECTIVOS XERAIS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO CURSO 2023-2024.

4.1. Obxectivos xerais do Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística.

O obxectivo principal será a plena utilización do galego en todos os ámbitos da comunicación de toda a comunidade educativa.

- Valorar a utilidade do noso idioma non só como patrimonio cultural senón como oportunidade académica e laboral.
- Potenciar o uso do galego en relación ás Tecnoloxías da Información e Coñecemento.
- Presentar o noso centro como un modelo de normalidade lingüística, sen prácticas diglósicas que minoricen a nosa lingua nin a relacionen cos prexuízos lingüísticos mais espallados socialmente.
- Establecer unha dinámica que visibilice que a nosa lingua é un vehículo de comunicación apropiado para todos os contextos e situacións comunicacionais: novas tecnoloxías, vangarda artística, espazos urbanos, mundo laboral, etc.
- Fomentar a colaboración dos diferentes departamentos nas actividades que propoña o ENL.
- Colaborar nas actividades programadas polo Centro.
- Rendibilizar os esforzos normalizadores potenciando a coordinación dos EDL da co marca.
- Asemade buscarase conseguir de forma gradual a plena capacitación lingüística de profesorado, alumnado, persoal non docente, familias....ata chegar á normalización da actividade académica, administrativa e de relación coa comunidade no noso idioma.

4.2. Actividades para o fomento e dinamización da lingua galega.

As actividades distribúense en diferentes núcleos de contido para acadar unha claridade temática máis precisa

INFORMACIÓN XERAL

1. Retomamos **TABOLEIRO EXPOSITIVO** con: información,certames e anecdotas sobre a lingua (prexuízos, valoracións positivas,...)
Contribúe aos obxectivos: 1,2,3,4
Organiza: EDLG
Participa: toda a comunidade educativa

XOGOS E LECER

2. Creación dunha MASCOTA para o Equipo de Normalización Linguística

Deseñamos unha mascota para o equipo de dinamización da lingua galega e todo o centro tivo a opción de participar nunha votación para a elección do seu nome. (Esta actividade xa se levou a cabo na primeira avaliación e por maioría saiu "Chamosiño")

Contribúe aos obxectivos: 1,2,3,4
Organiza: EDLG
Participa: toda a comunidade educativa

3. DICÍMOSCHO NÓS

Entre todos os departamentos e materias elaboramos unha versión do coñecido "Dígocho eu" cos erros máis comúns de cada materia.

Contribúe aos obxectivos: 1,2,3,4
Organiza: EDLG e toda a comunidade educativa
Participa: Alumnado e profesorado

4. XOGOS TRADICIONAIS no MAGOSTO

Haberá que participar nos diferentes xogos populares preparados polo equipo docente con materiais varios (castañas, culleres, sacos, tapas de botellas) para acabar comendo chourizo e castañas asadas)

Contribúe aos obxectivos 1,2,3,4
Organiza: Act. Extraescolares, E.F., Dpto. Xeografía e Historia, Dpto. Lingua Galega, Dpto. Electricidade
Participa: Alumnado

5. OU QUE???

Crearase un grupo ou varios de guasap, perfís de instagram, tiktok para usalos exclusivamente en galego sobre música, literatura, gastronomía, diversión, lugares con encanto,...

Contribúe aos obxectivos 1,3,4
Organiza: EDLG
Participa: Alumnado

6. PASAPALABRA Letras Galegas:

O autor homenaxeado polo Día das Letras Galegas será o contido de PASAPALABRAS **/** KAHOOT/ QUIZZIZ.

Contribúe aos obxectivos 1,3
Organiza: *EDLG, Dpto. Lingua Galega, Biblioteca*
Participa: Toda a comunidade educativa

7. BARALLANDO

Celebraranse campionatos de cartas con barallas galegas.

Contribúe aos obxectivos 3,4
Organiza: EDLG, Dpto. Lingua Galega, Biblioteca
Participa: Alumnado, profesorado e persoal non docente

8. QUE SABES DO 1º TERZO?

O alumnado de 2º BAC enfróntase realizando preguntas previamente elaboradas sobre lingua, literatura e sociolingüística do primeiro terzo do século XX.

Contribúe aos obxectivos 1,3,4
Organiza: EDLG, Dpto. Lingua Galega
Participa: Alumnado 2º BAC

9. VACALOURA

Adquírese un novo xogo de mesa para traballar a cultura galega. Realizaranse campionatos por grupos de alumnos dentro das aulas.
Contribúe aos obxectivos 1,2,3,4
Organiza: EDLG, Dpto. Lingua Galega
Participa: Alumnado, profesorado e persoal non docente

10. CAIXAS NEGRAS

O alumnado entra nun cuarto escuro onde atopa caixas que debe tocar, cheirar, para adiviñar que posúen (pata de galiña, fígado de porco...)
Contribúe aos obxectivos: 2,3
Organiza: Act. Extraescolares (Teatro)
Participa: Alumnado de actividades extraescolares

LITERATURA

POESÍA

11. DÍAS CON ROSALÍA DE CASTRO.

Recitamos e musico-coreografiamos poemas de Rosalía para facer demostracións no centro da 3ª idade.
Contribúe aos obxectivos: 1,2,3,4
Organiza: *EDLG, Dpto. de Lingua Galega e Biblioteca*
Participa: Toda a comunidade educativa

12. ROTEIRO MANUEL MARÍA

O alumnado de 1º ESO no 3º trimestre comparte con outros centros un roteiro poético de Manuel María recitando poemas en diferentes espazos do Carballiño, Fonte das Flores, Pena dos Namorados.
Contribúe aos obxectivos 1,3,4
Organiza: EDLG, Dpto. Lingua Galega, Dpto. Xeografía e Historia, Dpto. Filosofía
Participa: Alumnado 1º ESO deste centro e outros da contorna

13. REGUEIFADA de Entroido.

En cada aula prepáranse coplas nas que un compoñente provoca para que outro replique e se desenvolve unha loita verba.
Contribúe aos obxectivos 1,3,4
Organiza: EDLG, Dpto. de Lingua Galega
Participa: Alumnado 4º ESO

NARRATIVA

14. AUTOR FALA DA SÚA OBRA: Visita dun autor por determinar para respostar preguntas sobre a súa obra e o proceso de creación literaria *(obxectivo 3)*
Contribúe aos obxectivos 1,2,3
Organiza: EDLG, Dpto. Lingua Galega
Participa: Alumnado

15. Participación en **certames de NARRATIVA** tanto no noso centro coma fóra.
Contribúe aos obxectivos 3,4
Organiza: EDLG, Dpto. Lingua Galega
Participa: Alumnado

16. CONCURSO DE EPITAFIOS

O alumnado participa nun concurso de epitafios preferentemente de ton humorístico.
Contribúe aos obxectivos: 3,4

Organiza: Dpto. Lingua Galega, Dpto. Lingua Castelá. Biblioteca
Participa: Alumnado

17. CARTAS DE AMOR PARA UN NON-NAMORADO
Escríbense cartas de amor con diferentes destinatarios: nai, avós, incluso animais, obxectos, emocións,...
Contribúe aos obxectivos: 3,4
Organiza: EDLG, Dpto. de Lingua Galega, Dpto. de Lingua Castelá e Biblioteca
Participa: Alumnado, profesorado e persoal non docente

CINE-TEATRO

18. RAPAZADAS
Proxecto teatral cinematográfico: serie, curta...
Contribúe aos obxectivos: 1,2,3,4
Organiza: EDLG, Act. Extraescolares
Participa: Toda a comunidade educativa

19. CINEGAL
Realizarase un documental sobre a elaboración das canas da pastelaría Cerviño
Contribúe aos obxectivos: 1,2,3,4
Organiza: Dptos. implicados no PFPP de Polos Creativos
Participa: Alumnado ESO, FP Básica e persoas da contorna

20. PROXECCIÓN DE PELÍCULAS GALEGAS /EN GALEGO
En colaboración co Cine-Club do Carballiño proxección de películas nas aulas do IES. Darlle a posibilidade ao alumnado de ver películas na nosa lingua.
Destinatarios: todo o centro.
Obxectivos 1, 2, 3 e 4

21. NON
Gravarase unha curta na que se suceden diferentes escenas de medo e maltrato.
Contribúe aos obxectivos 2,3,4
Organiza: EDLG e Act. Extraescolares (Teatro)
Participa: Alumnado de teatro

22. DRAMATIZAMOS NAS LETRAS GALEGAS
Ensaio e representación dunha dramatización na que Fernández del Riego aparece no Chamoso acompañado doutro literato para contar anécdotas sobre a súa vida e obra.
Contribúe aos obxectivos 1, 2, 3 e 4
Organiza: EDLG, Persoal subalterno.
Participa: Alumnado e profesorado

23. REBAIXADAS
Preparamos squetchs sobre os dereitos do consumidor vulnerados nas rebaixas
Contribúe aos obxectivos 2,3,4
Organiza: *EDLG, Dpto. FOL e Act. Extraescolares (Teatro)*
Participa: Alumnado e profesorado

ARTE E HISTORIA

24. ES DE AQUÍ?
Realizaranse saídas e a enclaves de interesantes da contorna: Muíño do Anxo, Fábrica de papel,...
Contribúe aos obxectivos 2,3,4
Organiza: EDLG, Dpto. Xeografía e Historia
Participa: Alumnado

PLÁSTICA

25. Elaboración de **CÓMICS LITERARIOS**, **MURAIS E CARICATURAS.**
Obxectivos 1,2,3,4
Destinatario:4º ESO

26. DESEÑO DE POSTAIS DE NADAL
Proponse un certame de elaboración de postais de Nadal coa condición de que teñen que ser cunha mensaxe en galego e creadas con materiais de refugallo. A postal gañadora servirá de felicitación á toda a comunidade educativa.
Contribúe aos obxectivos 1,2,3,4
Organiza: EDLG, Dpto. Lingua Galega
Participa: Alumnado

27. CALENDARIO
Traballo de investigación sobre persoeiros relevantes do pobo para facer un calendario.
Contribúe aos obxectivos 1,2,3,4
Organiza: EDLG, Dpto. Debuxo, Titorías
Participa: Alumnado

28. LAZADA
Cada titor responsabilizarase de facer na aula co alumnado un lazo morado, decorado de maneira libre, do que pendura unha mensaxe contra a violencia de xénero.
Contribúe aos obxectivos 3,4
Organiza: Todos os departamentos do centro e o concello de Carballiño
Participa: Toda a comunidade educativa do centro, centros da contorna e habitantes carballineses.

29. ÁS POLA PAZ
En cada titoría da ESO deseñarase unha á cunha mensaxe en prol da paz. Á súa vez cada alumno/a promoverá a participación da súa familia na creación doutra similar.
Contribúe aos obxectivos 3,4
Organiza: Biblioteca
Participa: Alumnado da ESO

ETNOGRAFÍA E FOLCLORE

30. BAILE GALEGO
Para ánimo e concienciación do profesorado impártese un curso expreso de baile tradicional.
Obxectivos 2,3,4
Organiza: EDLG, Dpto. de Lingua Galega e Dpto, E.F.
Participa: Profesorado

31. MANDADOS DO MECO
Cada día previo ao entroido, o Chamosiño expresa ordes que se deberían cumprir.
Contribúe aos obxectivos 2,3
Organiza: EDLG, Dpto. de Lingua Galega
Participa: Alumnado, profesorado e persoal non docente

MÚSICA

32. Escoita nas aulas de poemas musicados de diferentes autores, así como coñecer o panorama actual da
música galega en todos os estilos e preferentemente cos que máis se identifique o alumnado
Obxectivos 1,2,3

Destinatarios: todo o centro

33. VERSIGAL.
Faranse versións de cancións en galego para participar en actos relevantes como 25N, Día da Paz.
Contribúe aos obxectivos 1,2,3
Organiza: EDLG, Dpto. Música
Participa: Alumnado e profesorado

SAÍDAS

34. VISITA Á CASA DE OTERO PEDRAYO
No último trimestre coñeceremos a casa de Otero Pedrayo en Trasalba para que o alumnado de 4º ESO poida entender mellor a súa obra.
Contribúe aos obxectivos 1,2,3
Organiza: EDLG, Dpto. Lingua Galega
Participa: Alumnado 4º ESO

PRENSA

35. Edición da **REVISTA DO CENTRO**
Pídese a todos os departamentos que promovan a participación do alumnado na revista a través da redacción de artigos, de xogos, adiviñas, relatos de actividades realizadas..,
Existe unha persoa do ENL encargada de coordinar as achegas de material para ser editado.
O ENL conta coa colaboración do Departamento de Administrativo para a súa maquetación.
Contribúe aos obxectivos 1,2,3,4
Organiza: Todo o centro
Participa: Toda a comunidade educativa

36. Ofertar á comunidade educativa PRENSA e REVISTAS en galego (obxectivos 1, 2, 3 e 4)
Continuaremos coa subscrición á revista **TEMPOS NOVOS , NÓS,...**
Contribúe aos obxectivos 1,2,3,4
Organiza: EDLG e Dpto. Lingua Galega
Participa: Toda a comunidade educativa

AULAS

37. Elaboración dun **DICIONARIO** de termos relacionados coa **AUTOMOCIÓN**
Contribúe aos obxectivos 2,3
Organiza: Dpto. automoción
Participa: Alumnado ciclo automoción

38. GALEGO +
Realizarase un traballo de investigación de lingüística comparada entre galego, catalán, portugués empregando códigos QR.
Contribúe aos obxectivos 2,3
Organiza: EDLG, Dpto. Lingua Galega
Participa: Alumnado 3º ESO

39. Catálogo de normas:
Elaborarase un catálogo de normas en galego para a aula 2323de tecnoloxía.
Contribúe aos obxectivos 2,3
Organiza: *EDLG, Dpto. de Lingua Galega, Dpto. Tecnoloxía*
Participa: Alumnado de tecnoloxía

BIBLIOTECA

40. Colaboración co **Equipo da BIBLIOTECA** nas actividades de promoción da literatura, música, cine, etc.: LETRAS GALEGAS, violencia de xénero, día da muller….. e sobre todo este ano dedicado á oralidade contribuiremos en todo canto se organice
Contribúe aos obxectivos 2,3
Organiza: *EDLG, Biblioteca*
Participa: Todo o centro

41. Compra de material bibliográfico, videográfico e de audio.

Libros de banda deseñada en galego tanto para os máis pequenos do centro como para adultos.
Películas que vaian saíndo en galego para completar a dotación do centro.
CDs de música en galego para ambientación do centro en datas sinaladas (Magosto, Nadal, Entroido, Semana das letras Galegas, ...).

Contribúe aos obxectivos 1,2,3,4
Organiza: *EDLG, Biblioteca*
Participa: Todo o centro

5. ACORDOS SOBRE A TERMINOLOXÍA.

a) CLASIFICACIÓN DAS PALABRAS SEGUNDO A VARIABILIDADE.
Empregarase a denominación "**clases de palabras**" en 1º, 2º e 3º ESO, podendo introducir "categorías gramaticais" en 4º ESO e Bacharelato. Só se diferenciarán palabras variables (flexibles) de invariables (non flexibles).
As clases de palabras serán:

<table>
<tr><td>Substantivo</td><td>Pronome</td><td rowspan="4">Verbo.
• <u>Os tempos verbais no modo indicativo:*</u>
(simples): presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto simple, futuro, condicional.
(compostos): pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto, pretérito anterior.

• <u>Os tempos verbais no modo subxuntivo:</u>
presente, pretérito (galego), pretérito imperfecto (castelán), futuro, pretérito perfecto, pretérito pluscuamperfecto.

• <u>As formas non persoais</u>:
infinitivo, infinitivo conxugado, xerundio e participio.

• <u>As voces do verbo</u>: activa e pasiva (voz media só en Bacharelato).

*A partir de 4º ESO e Bacharelato, poderase introducir a seguinte terminoloxía de tempos verbais: copretérito, antepretérito e postpretérito.</td></tr>
<tr><td>Adxectivo (sen engadir calificativo)</td><td>Adverbio</td></tr>
<tr><td>Determinante</td><td>Interxección</td></tr>
<tr><td>Preposición</td><td>Conxunción</td></tr>
</table>

		• As **perífrasis verbais**: - Modais: probabilidade our dúbida e obriga. - Aspectuais: de inminencia, incoativa, imperfectiva, perfectiva e reiterativa.

b) CLASIFICACIÓN DAS PALABRAS SEGUNDO A SÚA ESTRUTURA E A SÚA SEGMENTACIÓN.

- Clasificación das palabras segundo a súa estrutura:

- Simples.
- Derivadas.
- Compostas.
- Parasintéticas:
  - Tipo 1: LEX+LEX+MORFEMAS DERIVATIVOS.
  - Tipo 2: PREFIXO+LEX+SUFIXO (simultáneos).

- Segmentación das palabras:

- Lexema ou raíz.
- Morfema (parte máis pequena da palabra con significado. Ten significado léxico e gramatical):
  - Morfemas derivativos: prefixos e sufixos (sufixos alterativos ou apreciativos e derivativos).
  - Morfemas flexivos.

- Segmentación dos verbos:

- Lexema ou raíz.
- Vogal temática (VT).
- Morfemas flexivos:
  - MTA (de modo, tempo e aspecto).
  - NP (de número e persoa).

c) SINTAXE.

A análise sintáctica realizarase **no sistema de caixas** (tendo en conta á adaptación ás necesidades do alumnado incorporado no Bacharelato doutros centros).

A clasificación das oracións segundo a natureza do verbo será: **predicativas** e **copulativas.**

Empregaranse as denominacións de **oracións** e de **frases/sintagmas**. As frases ou sintagmas clasificaranse do seguinte xeito:

- **S.N./F.N.** (sintagma ou frase nominal) composto por:
  - N: núcleo.
  - DET: Determinante.
  - MOD: Modificador.
  - AP: Aposición.
- **S.Adx./F.Adx.** (sintagma ou frase adxectiva) composto por:
  - N: núcleo.
  - MOD: Modificador.
- **S. Adv./F.Adv.** (sintagma ou frase adverbial) composto por:
  - N: núcleo.
  - MOD: Modificador.
- **S. Prep./F.prep.** (sintagma ou frase preposicional) composto por:
  - E: enlace.

- T: termo.

- **S.V./F.V.** (sintagma ou frase verbal) composto por:
  - N: núcleo.
  - Complementos: Directo (CD), Indirecto (CI), Suplemento ou Complemento de Réxime (SUPL./C.REG.), Atributo (AT), Circunstancial (CC), Predicativo (C.PVO) e Axente (C.AX.).

<u>Tipos de oracións:</u>
- Simples.
- Compostas:
  - Coordinadas: ORACIÓN 1+NEXO+ORACIÓN 2 (+etc.).
  - Xustapostas: ORACIÓN 1+ORACIÓN 2 (+etc.).
  - Subordinadas: ORACIÓN PRINCIPAL E ORACIÓN SUBORDINADA.
    - Subordinadas adverbiais propias (tempo, modo e lugar): a oración subordinada sairá da función do CC.
    - Subordinadas adverbiais impropias (concesiva, consecutiva, causal, comparativa, final e condicional).

As **oración impersoais** serán aquelas que teñan:

- Verbos que indiquen fenómenos metereolóxicos.
- Morfema impersonal “se”.
- Verbos *haber, facer* en 3ª persoa de sg.
- Suxeito indeterminado tipo “chaman á porta”.

6. ANEXOS.

I. PAUTAS PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DE LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA.

Nos exames, pártese dun texto:

- Comprensión lectora, é dicir, lectura guiada.
- Ideas por parágrafos
- Tema.
- Resumo/esquema.
- Vocabulario.
- Producción de textos.

*Descontarase por erros ortográficos:

- Toda a ESO: ata 1 punto.
- 1º Bacharelato: ata 2 puntos.

En 1º e 2º ESO, cada falta descontarase -0,05 puntos e por cada dúas tiles -0,05 puntos. A partir de 3º ESO, cada falta descontarase -0,1 puntos e por cada dúas tiles -0,1 puntos.

- 2º Bacharelato: seguiranse as instrucións establecidas polas ABAU.

*No caso de numerosas faltas no exame, o alumnado creará oracións empregando as palabras mal usadas varias veces.

II. PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE EXAMES.

- Debe empregarse exclusivamente bolígrafo azul ou negro: lapis non.
- Salvo indicación en sentido contrario, as respostas aparecerán nos folios en branco, non no exame.
- É conveniente deixar marxes para facilitar a corrección. Na medida do posible, evitaranse as tachas.
- As páxinas estarán sempre numeradas e todas levarán o nome do alumno/a.
- Buscarase sempre a orde e a limpeza. Se, unha vez contestada unha pregunta, se quere aportar nova información empregaranse as notas a pé de páxina. Colocarase un asterisco (*) na pregunta que queremos continuar e a información nova poñerase nun folio aparte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta os asteriscos deben ser numerados (*1/ *2) para facilitar a corrección do exame.
- Penalizarase a mala presentación.

III. PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS, TAREFAS E TEXTOS.

- Entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro, nunca en lapis ou en calquera outra cor, sempre que se fagan a man. Nos traballos elaborados dixitalmente deberase empregar un tamaño de letra 18 para o título, 16 para o encabezamento de cada apartado e12 para o corpo. O tipo de letra será Arial, Times New Roman, Liberation Sans ou Liberation Serif.
- Deberán deixarse marxes: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm).
- Debe haber unha distancia adecuada entre as liñas e estar aliñadas horizontalmente. Os parágrafos deben estar sangrados.
- En caso de traballos escritos, débese coidar a limpeza. Requírese que a letra sexa lexible.
- Incluirán (sexa na portada (para os traballos) ou no encabezamento (para as tarefas e
- textos) a seguinte información: Título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación á
- que pertence o exercicio. En caso de traballos, á portada seguiralle un Índice que recolla os apartados e as páxinas nas que estes se atopan, numeradas a partir deste índice. Acabarán sinalando as fontes de información.
- Desenvolverán a estrutura do tipo de texto que se pida a través de distintos parágrafos:
  - o Para un **texto expositivo**:
    - Introdución

- Exposición (só información, sen opinión)
- Conclusión

o Para un **texto argumentativo**:

- Presentación (hipótese ou dilema e postura ante o mesmo)
- Argumentación (polo menos tres argumentos que sosteñan a opinión)
- Tese

o Para un **comentario**:

- Contextualización
- Desenvolvemento (análise do contido e da forma)
- Interpretación (opinión)

- Os prazos indicados serán de obrigado cumprimento. Non se recollerán tarefas fóra de prazo.

IV. PAUTAS PARA RESPECTAR AS PROPIEDADES TEXTUAIS.

- **ADECUACIÓN** (adaptación do texto á situación comunicativa).
  - Tipoloxía
    - o Estrutura determinada polo tipo de texto (narrativo, argumentativo, expositivo…).
    - o Obxectividade adaptada á intención (informativa, apelativa, descritiva, expositiva…).
  - Ámbito
    - o Características adaptadas ao espazo en que se produce a comunicación (académico, social, xudicial, literario, medios de comunicación...)
    - o Características adaptadas ao soporte usado (móbil, correo electrónico, papel, presentación informática, audiovisual…).
  - Rexistro
    - o Rexistro adaptado ao destinatario (formal ou coloquial).

- **COHERENCIA** (claridade e orde das ideas dun texto)
  - Información precisa, que se cinxa ao tema.
  - Exposición de ideas non repetidas.
  - Exposición das ideas sen contradicións.
  - Organización da información de xeito progresivo e ordenado.
  - Exposición do contido con claridade.

- **COHESIÓN** (relación axeitada entre os elementos dun texto)
  - Uso de conectores textuais adecuados, para enlazar palabras, frases, oracións ou
  - parágrafos.
  - Uso de hiperónimos, sinónimos ou substitutos pronominais para evitar repeticións.
  - Uso dos signos de puntuación de xeito adecuado.
  - Respecto pola concordancia gramatical.

V. INDICACIÓNS PARA ELABORAR UNHA DEFINICIÓN.

As definicións non teñen que imitar as fórmulas dos dicionarios, porque moitas veces esas fórmulas dificúltannos a comprensión do termo ou non aclaran realmente o seu contido. As definicións de termos solicitaranse sempre referidas ao contexto no que se atopa ese termo. Para elaborar unha definición adecuada debemos seguir estas indicacións:

1. Cada termo inicia a súa definición por un termo semellante, é dicir, a clase de palabra deberá ser a mesma e atoparse no mesmo número e xénero, ou no mesmo tempo modo e persoa.
   - o Os substantivos defínense iniciando a definición por un substantivo (recoméndase, sempre que sexa posible, usar un hiperónimo). Os verbos, por un verbo (respectando a súa flexión)...

2. Unha definición non é unha enumeración de sinónimos.
3. Non debemos incluír na nosa definición o termo que estamos a definir ou outro da mesma familia.
4. Debemos evitar sempre empezar as nosas definicións por expresións do tipo: "é", "é como", "é como cando", "é como cando por exemplo", "en plan", é cando"...
5. As definicións deben explicar. Non se poden dar exemplos.
6. Na definición deberanse utilizar as palabras propias, sen reproducir algo memorizado, pero cuxo contido non se comprende.

VI. INDICACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DUN ESQUEMA.

PROCESO:

1. Lectura comprensiva do texto.
2. Subliñado das ideas principais no texto.
3. Selección das ideas principais.
4. Xerarquización das ideas principais.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

1. **Contido**
   a. Selección adecuada das ideas.
   b. Organización adecuada desas ideas.
   c. Non repetición de ideas semellantes.
   d. Exposición sintética das ideas (sen superar unha liña).
   e. Exposición das ideas sen excesivo esquematismo (reducido á estrutura do texto).
   f. Exposición sen a presenza de elementos non verbais (guións, asteriscos, frechas…).
   g. Exposición a través dunha organización numérica que siga o modelo anterior.

2. **Forma**
   a. Respecto polas propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión).
   b. Respecto polas normas ortográficas e gramaticais.
   c. Respecto polas pautas para a presentación de tarefas.

1. Idea principal
   1.1. Idea subordinada á principal
   1.2. Idea subordinada á principal
      1.2.1. Idea subordinada á subordinada á principal
2. Idea principal
   2.1. Idea subordinada á principal
      2.1.1. Idea subordinada á subordinada á principal
      2.1.2. Idea subordinada á subordinada á principal
   2.2. Idea subordinada á principal
3. Idea principal
   3.1. Idea subordinada á principal
      3.1.1. Idea subordinada á subordinada á principal

VII. INDICACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DUN RESUMO.

PROCESO:

1. Lectura comprensiva do texto.
2. Subliñado das ideas principais no texto.
3. Xerarquización das ideas principais.
4. Elaboración dun novo texto:
    a. Usando as túas palabras.
    b. Respectando as propiedades textuais (Adecuación, Coherencia e Cohesión).
    c. Usando a 3ª persoa (sen estilo directo).
    d. Evitando interpretacións e opinións propias.
    e. Facendo uso da economía verbal.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

1. **Contido**
    a. Un resumo non pode confundirse cun comentario de texto, isto invalidaría a súa avaliación.
    b. Identificación da intención comunicativa do texto a través do resumo (unha crítica, unha información, unha opinión, unha demanda, unha achega, etc..).
    c. Identificación correcta das ideas principais.
    d. Organización adecuada desas ideas.
    e. Capacidade de elaboración propia.
    f. Capacidade de síntese.
    g. Exposición da información textual sen opinións propias.

2. **Forma**
    a. Respecto polas propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión).
    b. Respecto polas normas ortográficas e gramaticais.
    c. Respecto polas pautas para a presentación de tarefas.

VIII. INDICACIÓNS PARA CITAR FONTES, TEXTOS E OBRAS.

PARA CITAR FONTES

Ao final de cada traballo de investigación, tarefa, ou actividade de produción textual, debemos citar sempre as fontes que utilizamos. O modelo de citación acordado no noso centro é o seguinte:

- Se se trata dun libro ou manual impreso, escribiremos o nome do autor/a (primeiro o apelido e despois o nome, separado por unha coma), ao que seguirán dous puntos e o título da obra en cursiva, separado por unha coma da data de publicación, que á súa vez se separará cunha coma da Editorial. Se podemos citamos as páxinas que utilizamos desa obra. *Exemplo: MOURE, Teresa: Ecolingü.stica, 2011,Editorial Universidade da Coruña, pp 7- 13.*
- Se se trata dunha páxina web, escribiremos o nome da páxina, indicando a quen pertence, o nome do autor/a, en caso de que sexa posible indicalo. Seguirá, precedido de dous puntos, o enderezo dixital. Exemplo: Lingua e Literatura de Xano Cebreiro:

http://remexer.com/cuarto/

PARA CITAR TEXTOS

- Ao longo das nosas producións textuais, precisamos facer referencia a fragmentos de textos. No noso centro acordamos o seguinte modelo de citación:
- Nos documentos escritos a man, as citas das obras ou textos van sempre entre comiñas.
- Nos textos dixitais, as citas van sempre en cursiva.
- En ambos casos deben engadirse entre parénteses o número de liña/s ou verso/s a que
- corresponden esas citas con respecto ao texto citado.

PARA CITAR OBRAS

- Nos documentos escritos a man, os títulos das obras deben ir subliñados.
- Nos documentos dixitais, irán en cursiva.

IX. INDICACIÓNS PARA ELABORAR UN TEXTO EXPOSITIVO.

Un texto expositivo dá a coñecer información con obxectividade, non aporta opinións, e faino cunha linguaxe clara e precisa.

Estrutura (partes dun texto expositivo)

0. Título. Enunciado que nomea o tema.

1. Introdución: Presentación. Achegamento ao tema e ao seu contexto. Serve para explicar o tema que se vai abordar: o porqué do seu interese, a súa actualidade, o enfoque que se lle vai dar... A súa extensión limítase a un parágrafo breve.

2. Desenvolvemento: Explicación. É o lugar onde realmente se achegan as explicacións arredor dos distintos aspectos do tema. Atópase dividido en parágrafos. Pódese facer de varias formas dependendo do tipo de tema que esteamos a tratar:

- Analizando as causas polas que algo ocorre e logo analizando as consecuencias ou as solucións que pode ter.
- Enumerando ou describino as características ou as propiedades que posúe o obxecto ou a idea do que estamos tratando.
- Expoñendo as ideas de maneira cronolóxica, é dicir, segundo van acontecendo no tempo.
- Facendo unha comparación entre distintas ideas ou aspectos dun mesmo tema.

3. Conclusión: Síntese básica das ideas expostas. Pode incluír unha reflexión sobre a actualidade ou cara ao futuro. A súa extensión limítase a un parágrafo

Expresión (precisión, obxectividade e claridade)

1. Léxico preciso: Débense empregar termos específicos do tema, non termos como "cousa", que carece de significado preciso. Débense aportar datos: porcentaxes, datas, nomes…

2. Obxectividade: Débense empregar sobre todo oracións enunciativas con verbos en 3ª persoa ou estruturas impersoais (pénsase que, considérase…).

3. Claridade: Débense usar expresións simples que deixen claro cal é a relación

que existe entre as ideas, a súa orde lóxica: se é unha explicación, se é unha exemplificación, se é unha idea que contrarresta a anterior... En consecuencia, débense utilizar os conectores apropiados (porque, para, porén, ademais...) que guíen a explicación (en primeiro lugar, a seguir, por outro lado…).